



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Convocatoria para persoal Obradoiro de Emprego

ANUNCIO

EXTRACTO CONVOCATORIA

Comunícase que por medio do decreto da Alcaldía do 04/11/2024 (TEDEC: 2024/A008/000022- 2024/G003/000717) aprobáronse as **bases de selección** do persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego “RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE IV” (Expte 15/0020/2024, elaboradas e asinadas pola Comisión de Selección deste programa mixto.

Tamén se aprobou a **convocatoria** para a selección do persoal directivo, docente e de apoio deste obradoiro de emprego, que se fai **pública** mediante a exposición nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego correspondentes, así como no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>).

Concretamente, ábrese un proceso selectivo específico por concurso-oposición para o nomeamento/contratación das persoas que cubrirán as seguintes prazas:

- 1 director/a (xornada completa)
- 2 mestres/as das especialidades do obradoiro de emprego (xornada completa) e máis concretamente:
 - 1 mestre/a para impartir as dúas especialidades de nivel 1 da familia profesional de “Edificación e obra civil” e da área profesional “Albanelería e acabados”, que son:
 - “Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción” (Código EOCB0109)
 - “Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas” (Código EOCB0208)
 - 1 mestre/a para impartir a especialidade de nivel 2 da familia profesional “Agraria” e da área profesional “Xardinaría”, “Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes” (AGA00208). Deberá tamén impartir o módulo formativo “Operacións Auxiliares en Tratamentos Silvícolas” (MF1294_1) do certificado de profesionalidade “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes” (AGAR0309) da familia agraria e da área forestal de nivel 1
- 2 mestres/as de formación complementaria (ao 50 % da xornada), concretamente: 1 mestre/a en ensino básico/titor/a e 1 mestre/a en orientación, información profesional, formación empresarial e asesoramento
- 1 administrativo/a (ao 50 % da xornada).

As bases da convocatoria pódense consultar tanto no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (sede.abegondo.gal), accesible a través de web municipal (abegondo.gal), como nos taboleiros das outras entidades promotoras beneficiarias da subvención concedida para o obradoiro de emprego tamén nos taboleiros das oficinas de emprego de Betanzos e da Coruña- Monelos.

O prazo para presentar as instancias coas solicitudes para participar no proceso selectivo será de 5 días hábiles que se contarán dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

Abegondo, 4 de novembro de 2024

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2024/7751